

EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ANUNCIO

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 2 de setembro de 2009, aprobou O DESISTIMENTO DO PROCEDEMENTO DE LICITACION PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO MUNICIPAL DO CENTRO DE DÍA “NOVO ANTONIO GANDOY” SITO NA RÚA CARRIL DAS HORTAS E SUBMINISTRACIÓN DE COMIDAS ÓS USUARIOS DO CENTRO DE DÍA, MODIFICACION DE PREGOS TÉCNICOS E APERTURA DE NOVA LICITACION.

Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Excmo. Concello de Lugo.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación e Patrimonio.

2.- Obxecto do contrato.

a) Descrición do obxecto: a xestión do servizo público de titularidade municipal do Centro de día “Novo Antonio Gandoy” de atención ás persoas maiores sito na rúa Carril das Hortas así como a subministración de comidas ós usuarios do dito Centro de día.

O obxecto do presente contrato dividirase en dous lotes suscrtibles de licitación e adxudicación por separado:

- Lote 1: xestión do centro de día “Novo Antonio Gandoy”.

- Lote 2: subministración de comidas ós usuarios do centro de día “Novo Antonio Gandoy”.

b) Prazo de execución: A duración destes contratos será de UN ANO contado a partir da formalización dos contratos. Os contrato poderán ser obxecto de prórroga por períodos máximos de un ano máis, previo acordo do órgano de contratación que se adoptará con un mes de antelación á finalización do contrato, ata un máximo de catro anos incluídas as prórrogas.

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: ordinaria

b) Procedimiento: aberto

4.- Tipo de licitación

a) Orzamento máximo do Contrato:

- **Lote 1. Para a xestión do centro de día “Novo Antonio Gandoy”.** O valor estimado do contrato calculase tendo en conta os gastos de persoal necesarios para a prestación do servizo e os custos de transporte.

En consecuencia o valor estimado do contrato para a primeira anualidade ascende a 349.932,18 euros polo que sumado o importe de IVE (7%) 24.495,25 euros- resulta un total anual de 374.427,43 euros.

Considerando a prórroga do contrato o valor estimado do contrato ascende a 1.399.728,72 euros, ó que deberá engadirse o IVE.

Lote 2. Sbuministración de comidas ós usuarios do centro de día “Novo Antonio Gandoy”.

O valor estimado do contrato calcúlase sobre o prezo/menú, isto é 5,61 euros máis o IVE (7%).

O número de menús estimados para cada anualidade ascende a 18.000 polo que o valor estimado de contrato para a primeira anualidade é de 100.980 euros polo que sumado o importe de IVE (7%)- 7.068,60 euros- resulta un total anual de 108.048,60 euros.

Considerando a prórroga do contrato o valor estimado do contrato ascende a 403.920 euros, o que deberá engadirse o IVE.

5.- Garantías:

- **10.497,96 euros no caso de licitar ó lote 1.**

- **3.029,40 euros no caso de licitar ó lote 2.**

- **13.527,36 euros no caso de licitar ós dous lotes.**

6. Obtención de documentación e información.

a) **Entidade:** Concello de Lugo, Servizo de Contratación e Patrimonio.

b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197.

c) **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

d) **Teléfonos:** (982) 29-73-01, 29-71-27.

e) **Telefax:** (982) 29-72-59.

f) **Dirección internet:** www.lugo.es (Zona de servizos: perfil do contratante)

g) **Data límite de obtención de documentos e información:** Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

7.- Requisitos específicos do contratista.

a) **Outros requisitos:** Os sinalados no prego de condicións

8.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

a) **Data límite de presentación:** 15 días naturais contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da

Provincia de Lugo. No suposto que o último día coincidise en sábado ou festivo, prorrogarase ata o seguinte día hábil.

b) Documentación que hai que presentar: A que figura na cláusula décima do prego de condicións.

c) Lugar de presentación:

1ª Entidade: Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben nos lugares legalmente establecidos.

2ª Domicilio: Ronda da Muralla, 197

3ª Localidade e c.p.: Lugo, 27002

9.- Apertura das ofertas.

a) Entidade: Concello de Lugo

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197 (3ª Planta)

c) Localidade: Lugo

d) Data: ó segundo día natural ó remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en sábado ou festivo a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

10.- Outras informacións: As que se recollen no prego de condicións.

11.- Gastos dos anuncios: 201,76 euros que serán por conta dos adxudicatarios.

Lugo, 2 de setembro de 2009
O ALCALDE,
P.D. TENENTA-ALCALDE DA AREA
(Decreto Alcaldía nº 75/2007)

Asdo.: Sonia Mendez Garcia